



CONDICIÓNS PARA A CONTRATACION DO SERVIZO DE MANTEMENTO, COIDADADO E MELLORA DOS XARDÍNS E ZONAS VERDES DO IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO

1. CONDICIÓNS XERAIS

1.1.-O presente documento constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións para a execución do servizo de mantemento, coidado e mellora dos xardíns e zonas verdes do IES de Ribadeo Dionisio Gamallo segundo se detalla neste documento, que rexerá a súa execución, logo de prestarlle a súa aprobación e conformidade ámbalas dúas partes contratantes.

1.2. O contratista acepta de forma expresa a submisión á lexislación, ao contido do presente documento contractual e á xurisdición contencioso-administrativa respecto das cuestións litixiosas que puidesen derivarse da execución do contrato que ten natureza administrativa.

1.3. Se fose o caso, de existir, persoal para a execución do contrato, dependerá exclusivamente, do adxudicatario/a que terá fronte a aquel todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo o IES contratante de todo alleo á referida relación. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación co IES contratante, nin esixirse a estas responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario/a e os seus empregados, aínda no suposto que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato consistirá na xestión e a explotación do servizo de mantemento, coidado e mellora dos xardíns e zonas verdes do IES de Ribadeo Dionisio Gamallo, de acordo coas condicións que se definen no presente documento.

3. DURACION DO CONTRATO

3.1. A duración do contrato será dun ano natural, contado dende a sinatura do mesmo, sen prexuízo da súa resolución anticipada por mutuo acordo das partes contratantes.

3.2. O presente contrato non pode ser obxecto de prórroga.



4. TRABALLOS A REALIZAR, DELIMITACIÓN E SITUACIÓN.

4.1. O servizo prestarase nos xardíns e zonas verdes do IES, segundo se detalla no plano anexo I. A superficie das zonas sinaladas é a seguinte:

- Zona A: 965 m².
- Zona B: 127 m².
- Zona C: 170 m².
- Zona D: 300 m².
- Zona E: 520 m².
- Zona F: 380 m².
- Zona G: 220 m².
- Total..... 2682 m².

4.2.- Traballos a realizar

- Corte periódico e retirada de herba.
- Limpeza de follas secas e ramas caídas.
- Poda de mantemento e formación en árbores, arbustos e sebes.
- Eliminación de plantas invasoras.
- Control de pragas e enfermidades.

4.3. Con carácter previo ao inicio da execución do contrato, no acto no que o /a adxudicatario/a preste a súa conformidade as condicións para a súa execución, mediante a súa sinatura, deberá, así mesmo, declarar que coñece o estado e situación dos espazos obxecto deste contrato, manifestando estar conforme.

4.4. Para tales efectos, no acto de conformidade ás condicións contractuais, poderá comprobar "in situ" os espazos, non sendo admitida logo da adxudicación, reclamación ningunha respecto de erros de medición, ou calquera outra deficiencia observada.

4.5. O/a adxudicatario/a achegará todas as ferramentas e máquinas necesarias para prestar o servizo obxecto do contrato.

5. PROCEDEMENTO E REQUISITOS DO/A ADXUDICATARIO/A.

5.1. Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa a súa actividade contractual, será necesario por parte da dirección do Centro Educativo solicitar ofertas, **ao menos a tres empresas capacitadas** para a realización do obxecto do contrato, sempre que sexa posible, así como proceder á publicación da información relativa ao presente contrato no taboleiro de anuncios do Centro.

5.2. Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, non se



atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coa Administración.

5.3. Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán a **documentación administrativa e técnica necesaria** a efectos de poder valorar a súa oferta segundo se detalla:

5.3.1. Se a **empresa fose persoa xurídica** española: copia auténtica ou compulsada do CIF.

5.3.2. Os **empresarios individuais** comunicarán o DNI ou documento que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente, da persoa titular ou propietaria da empresa segundo se establece no **anexo II**, e no seu caso documentos que acrediten a representación.

5.3.3. **Declaración responsable** segundo modelo que se achega como **anexo II**, subscrita pola persoa que asine a proposición na que fará constar:

- Declaración de non estar incurso na prohibición de contratar do artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Estar dado de alta e ao corrente no Imposto de actividades económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato.
- Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal.
- Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Autonómica Galega.
- Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

5.3.4. **Custo anual do servizo**. Deberá axustarse ao modelo oficial que figura como **anexo III**.

5.3.5. **Memoria coa proposta de metodoloxía ou plan de traballo**. Aportarase memoria detallada dos traballos a realizar que deberá conter:

- Detalle de todas as actuacións de mantemento que se realizarán.
- Metodoloxía de traballo no tratamento e retirada de residuos vexetais.
- Capacidade de resposta a situacións de carácter excepcional, como retirada de árbores e ramas danadas ou caídas, tratamento de pragas, erradicación de herbas invasoras ...

5.3.6. **Melloras propostas**. Aportarase relación das melloras ofrecidas no servizo, sen custo, que aporten vantaxes ao esixible nas condicións de



realización do servizo, como planificación de distintas zonas do xardín, melloras en árbores existentes ...

5.3.7. Lista de **prezos de servizos e produtos** non incluídos nos do obxecto do contrato.

6.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

6.1 **Criterios Valoración.** O Consello Escolar do IES de Ribadeo Dionisio Gamallo valorará as ofertas mediante a aplicación dos criterios obxectivos que a continuación se detallan:

<p>1) Custo do servizo. Deberá axustarse ao modelo oficial que figura como anexo III. A puntuación das ofertas será lineal entre todas elas, sendo 50 puntos para a oferta que presente o menor custo anual. Para cada unha das demais a puntuación será directamente proporcional á oferta presentada.</p> <p style="text-align: center;">Oferta de menor custo aceptada</p> <p>Puntuación oferta: 50x -----</p> <p style="text-align: center;">Custo da oferta a valorar</p>	50 puntos
<p>2) Memoria coa proposta de metodoloxía ou plan de traballo.</p>	20 puntos
<p>3) Melloras propostas. Servizos adicionais. Aportarase relación das melloras ofrecidas no servizo sen custo, que aporten vantaxes ao esixible nas condicións de realización do servizo.</p>	20 puntos
<p>4) Lista de prezos de servizos e produtos non incluídos nos do obxecto do contrato.</p>	10 puntos

6.2 **Adxudicación do contrato.** Recibida a documentación dos licitadores o Consello Escolar do centro educativo realizará un informe no que valorará as ofertas presentadas en base aos criterios sinalados no apartado anterior de xeito que clasificará as proposición presentadas por orde decrecente.

7. CONDICIONS DO SERVIZO

7.1. O/a adxudicatario/a executará o servizo e a dirección do centro corresponderalle o seguimento do grao de cumprimento das cláusulas deste documento por parte do contratista. Para tales efectos, o centro educativo a través da Dirección reserva o dereito de inspección permanente sobre o



cumprimento das condicións contractuais, ademais o contratista asume o deber de prestarlle canta información ou documentación lle fora solicitada.

7.2.- Os traballos executaranse en momento de mínima actividade no instituto, preferentemente tarde do venres, fins de semana e períodos non lectivos. Só en casos moi puntuais, autorizados pola dirección do instituto, poderanse utilizar as tardes dos martes, mércores e xoves, sempre a partir das 14:30 h.

7.3. O contratista do servizo cumprirá en todo momento a normativa vixente en materia de xestión de residuos, deixando as zonas verde libres de todo tipo de residuos.

7.4. O contratista está obrigado a reparar calquera desperfecto que cause nas instalacións do edificio e exteriores do mesmo, así como a consultar coa dirección calquera actuación que non estea incluída neste contrato

7.5. O contratista deberá formalizar un **seguro de responsabilidade civil** que cubra os riscos de calquera tipo de danos e prexuízos causados durante o exercicio da actividade que desenvolva, tanto a terceiros como a bens ou instalacións.

8 PAGO DOS SERVIZOS

8.1 O adxudicatario fraccionará a facturación dos servizos como mínimo en dous períodos, dende o inicio do contrato ata o mes de xuño e dende este ata o remate do contrato. O IES aboará as facturas mediante cheque bancario no prazo de 15 días dende a emisión da factura.



A vista do documento que contén as condicións que han de rexer a execución do servizo de mantemento, coidado e mellora dos xardíns e zonas verdes do IES de Ribadeo Dionisio Gamallo segundo se detalla neste documento.

Resolvo: Aprobar o presente documento de condicións e os seus ANEXOS I, II, III ao que se somete na súa integridade o/a contratista adxudicatario/a, que manifesta libremente a súa vontade de cumprir todas as cláusulas do presente documento, que pola súa natureza ten carácter de contrato administrativo.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes de mutuo acordo, ratifican coa súa sinatura, a celebración do contrato de acordo coas cláusulas establecidas neste documento para a súa execución.

Dunha parte:

O Director/a

Doutra:

O/a contratista, que manifesta a súa conformidade.

Asdo.-----

Asdo.-----



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Denominación do contrato: Contrato do servizo de mantemento, coidado e mellora dos xardíns e zonas verdes do IES de Ribadeo Dionisio Gamallo.

Data da declaración:

DATOS DO DECLARANTE

Nome: _____ Apelidos: _____
NIF: _____
Teléfono: _____
Fax: _____
Correo electrónico: _____
Dirección para efectos de práctica de notificacións:
(*en caso de actuar en representación*)
Entidade mercantil á que representa: _____
NIF: _____
Cargo: _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incurso en suposto ningún dos sinalados no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Está dado/a de alta e ao día no pagamento do imposto de actividades económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto deste contrato.
- Atópome/atópase ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Atópome/atópase ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda autonómica galega.
- Atópome/atópase ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

..... , de de

Sinatura



ANEXO III

PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D/Da, co enderezo en,
 provincia de, co DNI núm., en nome propio
 ou en representación da empresa, co NIF
 núm., tendo coñecemento da contratación do servizo de
 mantemento, coidado e mellora dos xardíns e zonas verdes do IES de Ribadeo
 Dionisio Gamallo.

DECLARA:

1. Que coñece as condicións e os anexos coas condicións técnicas que lle serven de base á convocatoria do citado contrato, e que os acepta incondicionalmente na totalidade do seu contido;
2. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e que se compromete en nome (propio ou da empresa á que representa) a executar a prestación á que licita, con estrita suxeición aos requisitos e condicións esixidas, **polo importe total anual** de euros (en letra), euros (en cifra);
3. Que se compromete ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en: Materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo; e

..... de de

Sinatura:



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

FONDO ESPAÑOL DE
GARANTÍA AGRARIA

SISTEMA DE IDENTIFICACION DE PARCELAS AGRICOLAS

Anexo I ORTOFOTO Y PARCELARIO SUPERPUESTO

DATUM HUSO ESCALA FECHA DE IMPRESION

